



Comesaña Sporting Club

Decano del atletismo Gallego - Fundado en 1915

Camiño da Pedreira 21 36213 VIGO,

E-Mail: comesana@comesana.org - Web: www.comesana.org

N.I.F.: G36645257

Distinción al Mérito Deportivo de la Xunta de Galicia 2015

Insignia de Oro de la Federación Galega de Atletismo 2015

Vigués Distinguido 2016



XLVII Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través

Regulamento:

1º - O Comesaña Sporting Club organizará en Vigo o próximo día 6 de decembro, co visto e prace da F.G.A. e o patrocinio do Concello de Vigo, máis a colaboración da Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, o “XLVII Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través” en San Andrés de Comesaña, “Molinos”, á beira do campo de fútbol de “A Xunqueira”.

(Participación exclusivamente con licenza federativa pas nadas no 2011 ou antes.)

Nas categorías Sub-16 e menores (Cadete, Infantil, Alevín e Benxamín), e baixo o patrocinio da Xunta de Galicia, celebrarase conxuntamente a “Fase Zonal de Vigo do Deporte en Idade Escolar” clasificatoria para os Ctos. Provinciais de Campo a Través do Programa Xogade (revisar regulamento Xogade).

2º - O control oficial das carreiras correrá a cargo de membros do Comité Nacional de Xuíces da R.F.E.A. e o Comité Galego de Xuíces da F.G.A.

3º - O horario de saída das carreiras será o seguinte:

<u>HORA</u>	<u>CATEGORÍA</u>	<u>FEDERADO</u>	<u>XOGADE</u>	<u>DISTANCIA</u>
10:15	Sub-20/Sub-18 masculina	2007/2008 e 2009/2010	-	4.180 m.
10:40	Sub-20/Sub-18 feminina	2007/2008 e 2009/2010	-	3.121 m.
11:00	Absoluta/Sub-23 masculina	2003 ou antes e 04/05/06	-	8.750 m.
11:45	Absoluta/Sub-23 feminina	2003 ou antes e 04/05/06	-	7.040 m.
12:15	Sub-16 (<i>Cadete</i>) masculina	2011 e 2012	2012 e 2013	2.020 m.
12:35	Sub-16 (<i>Cadete</i>) feminina	2011 e 2012	2012 e 2013	2.020 m.
12:50	Sub-14 (<i>Infantil</i>) masculina	2013 e 2014	2014 e 2015	1.530 m.
13:05	Sub-14 (<i>Infantil</i>) feminina	2013 e 2014	2014 e 2015	1.530 m.
13:15	Sub-12 (<i>Alevín</i>) masculina	2015 e 2016	2016 e 2017	933 m.
13:25	Sub-12 (<i>Alevín</i>) feminina	2015 e 2016	2016 e 2017	933 m.
13:30	Sub-10 (<i>Benxamín</i>) masculina	2017 e 2018	2018 e 2019	667 m.
13:35	Sub-10 (<i>Benxamín</i>) feminina	2017 e 2018	2018 e 2019	667 m.

4º - As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da R.F.E.A. na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23h45 horas do luns 30 de novembro. Aqueles atletas estranxeiros que non teñan acceso ao sistema, poderán enviar un correo electrónico a comesana@comesana.org dentro do mesmo prazo. Indicando: nome do club (se non é independente), nome e apelidos, data de nacemento, sexo, número de licenza federativa e axuntando a autorización expresa da súa Federación.

Aqueles menores da provincia de Pontevedra que queiran participar a través do Programa Xogade deberá enviarse o documento excel cuberto o seguinte correo electrónico: comesana@comesana.org, dentro do mesmo prazo.

5º - Para admitir as inscricións, deberase ter dilixenciada licenza federativa para a tempada 2026 (estranxeiros incluídos). Sub-16(*Cadetes*) e menores, a lo menos, estar dados de alta para a tempada 2026/27, en Campo a Través do Programa Xogade por un club ou colexio da provincia de Pontevedra. Admitiranse inscricións de atletas doutras comunidades autónomas con licenza nacional expedida pola R.F.E.A. e estranxeiros que teñan dilixenciada licenza federativa para a tempada 2026 ademais da autorización expresa da súa Federación.

6º - Será descualificado calquera atleta que, conscientemente da súa imposibilidade de participar na proba, proporcione datos erróneos para poder facelo.

7º - En tódalas carreiras haberá unha clasificación por clubs, establecéndose esta coa suma dos postos ocupados polos catro primeiros atletas dun mesmo club en cada carreira (postos reais, contabilizando os de menos de catro por club e independentes).

En caso de empate, este resolverase en favor do club co 4º atleta mellor clasificado.

8º - Realizaranse clasificacións individuais Absoluta/Sub-23 como carreira absoluta (nadas no ano 2006 ou antes, consideraranse coma Absoluta), e das categorías: Sub-23, Sub-20, Sub-18, Sub-16 (*Cadete*), Sub-14 (*Infantil*), Sub-12 (*Alevín*) e Sub-10 (*Benxamín*). Tamén trofeo para o club gañador de cada carreira.

9º - Nas carreiras Absoluta/Sub-23 de ámbolos dous sexos, outorgaranse os correspondentes trofeos, e compensacións en metálico en concepto de gastos de desprazamento e estancia, aos cinco primeiros postos (400, 250, 125, 75 e 50 €), e trofeos aos tres primeiros postos nas categorías: Sub-23, Sub-20, Sub-18, Sub-16 (*Cadete*), Sub-14 (*Infantil*), Sub-12 (*Alevín*) e Sub-10 (*Benxamín*).

10º - Todos os números que no abdome portarán correctamente os atletas serán entregados polo club organizador no momento da confirmación, que se realizará como mínimo media hora antes do comezo de cada carreira, debendo os atletas respetar a publicidade impresa.

11º - Para poder participar, en tódalas carreiras, deberán pasar por Cámara de Chamadas ata 15 minutos antes da hora de saída fixada para a súa carreira.

12º - As reclamacións sobre a competición deberán ir dirixidas, verbalmente, ó xuíz arbitro da proba ata 30 minutos logo da publicación dos resultados.

13º - Todo atleta participante estará cuberto, de acordo á regulamentación vixente, polos obrigados Seguros de Accidentes e de Responsabilidade Civil.

14º - O non previsto neste Regulamento, resolverase de acordo coas vixentes Normas de Competición da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

15º - O feito de inscribirse neste XLVII Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través, implica a total aceptación do preceptuado no presente regulamento.

En San Andrés de Comesaña - Vigo, a 13 de abril de 2026



Comesaña Sporting Club





Distancias por categoría e sexo

Homes		Mulleres
4.180 m. 1 volta ao 4 é 1 completo	Sub-20	3.121 m. 2 voltas ao 2 é 1 ao 3
4.180 m. 1 volta ao 4 é 1 completo	Sub-18	3.121 m. 2 voltas ao 2 é 1 ao 3
8.750 m. 4 voltas ao completo	Sénior	7.040 m. 2 voltas ao 3 é 2 completos
8.750 m. 4 voltas ao completo	Sub-23	7.040 m. 2 voltas ao 3 é 2 completos
2.020 m. 1 volta ao nº 4	Sub-16	2.020 m. 1 volta ao nº 4
1.530 m. 1 volta ao 1 é 1 ao 2	Sub-14	1.530 m. 1 volta ao 1 é 1 ao 2
933 m. 1 volta ao nº 2	Sub-12	933 m. 1 volta ao nº 2
667 m. 1 volta ao nº 1	Sub-10	667 m. 1 volta ao nº 1

Volta ao 1 = 667 m. Volta ao 2 = 933 m. Volta ao 3 = 1.375 m. Volta ao 4 = 2.020 m. Cola de saída = 50 m. Última volta sumar 20 m.

As voltas completas están medidas no punto de confluencia da cola de saída co circuíto en si, polo tanto a distancia de cada volta non é a mesma, posto que nas voltas intermedias non se fai cola de saída é ao facer a última volta non se fai o tramo que xunta o circuíto á cola de saída, a entrada en meta así o require.

